

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 29 DE XULLO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MAR**

- Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se dispón que cese Roberto Pérez López como secretario xeral da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Consellería de Sanidade a María Sagrario Pérez Castellanos.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Touro, para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos urbanos, por importe de trescentos oitenta e oito mil douscentos trinta euros con sesenta e seis céntimos (388.230,66 euros).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación Provincial de Ourense, para a construción dun punto limpo no Concello de Castro Caldelas, por importe de trescentos corenta e catro mil trescentos cincuenta e cinco euros con trinta e tres euros (344.355,33 euros).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e o Concello do Incio, para a rehabilitación e ampliación da praza do concello, por importe de trescentos vinte e tres mil douscentos trinta e cinco euros con cincuenta e sete céntimos (323.235,57 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) para a tramitación da contratación do servizo de operación, mantemento e limpeza da planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, por importe de corenta e seis millóns novecientos oitenta e oito mil cento noventa e sete euros con vinte e seis céntimos (46.988.197,26 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Carnota para a execución da seguinte actuación: acondicionamento de espazos públicos no núcleo rural da Curra (1ª fase) por importe de 250.000 €.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro*, sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00 euros)

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para o proxecto de investigación de métodos de limpeza de ceras sobre granitos con láser, por un importe total de setenta mil euros (70.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Ferrol Metrúpoli, para o desenvolvemento do proxecto de preparación da candidatura de Ferrol da Ilustración na lista do Patrimonio Mundial da Unesco, por un importe total de noventa mil euros (90.000 euros)

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Ourense a Festa de exaltación do pan de Cea.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo o Filandón de músicas do Courel
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Semana Santa de Paradela

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas, para o desenvolvemento do programa Empresa-Concepto 2010-2012, por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), e se autoriza establecer compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo, para atinxir unha mellor capacitación dos mozos e das mozas para fomentar a súa reinserción na actividade agrícola e silvícola, por un importe total de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 euros).

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Baiona asinado para a execución do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais da Foz do Miñor. Importe: setenta e tres mil catrocentos corenta euros e oitenta e catro céntimos (73.440,84 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda pola que se prorroga ata o 31 de decembro de 2010 o convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a *AIE Lonxa de Campelo*, para a estabilización produtiva da ría de Pontevedra. Importe: cincocentos oitenta e un mil cincocentos catro euros (581.504,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha terceira addenda pola que se prorroga ata o 31 de decembro de 2010 o convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Pontedeume para a mellora das condicións para

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

a cría de moluscos nos bancos marisqueiros. Importe: cento dezaoto mil cento un euros e noventa e cinco céntimos (118.101,95 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros. Importe: cento corenta e seis mil douscentos un euros e seis céntimos (146.201,06 euros).

**INFORMES****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe de seguimento da execución do primeiro plan de avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o inicio da quinta fase de medicamentos xenéricos.
- Informe sobre o proceso de nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario.
- Informe sobre a adxudicación do proxecto sectorial, o anteproxecto de obra e a elaboración do prego de prescricións técnicas do novo hospital de Pontevedra.

## **A XUNTA MELLORARÁ A OPERATIVIDADE DO SERVIZO DE GARDACOSTAS NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN E NA VIXILANCIA PESQUEIRA**

A Consellería do Mar modificará a Lei 2/2004, do 21 de abril, do Servizo de Gardacostas de Galicia, para mellorar a súa operatividade repercutindo no servizo que presta. Este organismo, creado ao abeiro da Consellería do Mar, cumpre funcións de inspección e vixilancia pesqueira, control do medio mariño, prevención e loita contra a contaminación e salvamento marítimo. Coa modificación levada hoxe a Consello incrementará a súa operatividade e eficacia nestes eidos.

A novidade reside en que ás tres escalas que establecía a Lei 2/2004 (técnica, executiva e de axentes) se lle engade unha cuarta escala, a operativa, coa finalidade de delimitar mellor as funcións que debe desempeñar o persoal integrante de gardacostas. Así, a estas escalas, establecidas en función do nivel das titulacións dos Gardacostas, engádeselle a operativa que se refire especificamente a patróns e mecánicos; recoñécese así esta categoría que implica o manexo das embarcacións e que vén sendo solicitada por moitos dos profesionais do servizo.

A maiores, esta modificación da lei suprimirá o límite de idade para o acceso a novas prazas, que poderá exceder os 35 anos. Deste xeito, a idade non vai supor un obstáculo para o desenvolvemento dunhas funcións que se poden levar a cabo sen que superar esta franxa poida ser unha mingua na eficacia e na calidade do servizo que se vai desenvolver.

O obxectivo desta actuación responde a un compromiso da Consellería do Mar de mellorar aqueles aspectos solicitados polo persoal de Gardacostas e que non foron cambiados durante a anterior etapa de goberno, a pesar de que parte do persoal de Gardacostas non estaba conforme, cuestión que provocou a negativa dalgúns traballadores a manexar as embarcacións sen que a súa condición de patrón ou mecánico estivese recoñecida na lei. A maiores desta modificación puntual, a Consellería do Mar traballa nunha modificación integral da lei que está a ser debatida con todos os axentes implicados para darlle luz verde durante a presente lexislatura.

Cabe lembrar que a mellora do Servizo de Gardacostas comezou coa actual Xunta coa implantación do sistema H-24 nas bases de Vigo e Celeiro, no mes de xuño do ano pasado e en xaneiro do 2010, respectivamente, e na posta en marcha do Plan de Loita contra o Furtivismo en xullo de 2009. Tamén coa adquisición da embarcación Ría de Vigo, adscrita á EMSA, en maio de 2009. Outra das actuacións en que traballa a consellería nesta materia é precisamente na revisión do Plan de Continxencias, coa finalidade de gañar en efectividade e eficacia á hora de actuar ante as situacións de contaminación mariña ou accidentes que se puidesen producir.

**SAGRARIO PÉREZ CASTELLANOS TOMARÁ POSESIÓN COMO SECRETARIA XERAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- *É a actual directora de Saúde Pública e Planificación da Xunta*

A actual directora de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade, Sagrario Pérez Castellanos, tomará posesión como nova secretaria xeral da Consellería de Sanidade. O secretario xeral saínte, Roberto Pérez López, cesa por petición propia debido a circunstancias persoais.

Pérez Castellanos, licenciada en Veterinaria pola Universidade Complutense de Madrid e diplomada en Dirección pola Xunta de Galicia, conta cunha longa traxectoria profesional.

Actualmente estaba a desenvolver o seu traballo como directora xeral de Saúde Pública e Planificación, dirección en que desenvolveu gran parte da súa carreira profesional desde 1990 en calidade de funcionaria veterinaria e á fronte de diferentes servizos da Dirección Xeral.

Tamén, ao longo da súa carreira profesional desenvolveu o seu traballo en Bruxelas, nos anos 2003 e 2005, como conselleira para Asuntos Autonómicos na representación permanente de España ante a Unión Europea, en calidade de funcionaria do Ministerio de Administracións Públicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 400.000 EUROS NA SELAXE DO VERTEDOIRO DE TOURO, NA CORUÑA**

- *O vertedoiro sitúase na antiga mina de Riotinto, nunha zona escavada de 2.000 metros cúbicos de capacidade*
- *O prazo de execución será de 5 meses e permitirá beneficiar máis de 4.200 veciños do concello*
- *Esta actuación enmárcase dentro do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Touro para a adecuación, clausura e selaxe do vertedoiro de residuos urbanos de Touro, na Coruña. Para esta actuación, Medio Ambiente destinará 348.230 euros neste 2010 e 40.000 no vindeiro 2011.

O vertedoiro sitúase na antiga mina de Riotinto, nunha zona que corresponde ao vaso de escavación da antedita mina, en que se foi acumulando lixo desde o ano 1995 ata a actualidade. Os residuos depositados incinerábanse para despois ser cubertos con terra. Ademais de residuos, na zona tamén houbo unha importante acumulación de augas residuais procedentes dunha planta de reciclaxe de plásticos situada ao norte da mina. O acceso á zona é pola estrada Burres- Ponte Ulla AC- 240, concretamente no tramo que pasa por Cerceda.

**Obras que se van realizar**

As obras que levará a cabo a consellería irán encamiñadas a adecuar a zona para a súa posterior rehabilitación. Primeiro, será preciso acondicionar o lugar concreto do vertedura mediante a recollida dos lixiviados e o movemento definitivo dos residuos. A consecuencia disto deberase nivelar o lugar da vertedura co resto do terreo para despois enchelo con material da propia mina. Despois de levar a cabo estas obras, será necesario impermeabilizar o vaso da vertedura cubrindo o lugar cunha lámina de PEAD e outra de xeotéxtil. O movemento dos residuos deberase facer unha vez remado o acondicionamento da zona, xa que serán depositados alí, respectando a morfoloxía e as características da mina. Os lixiviados acumulados na zona norte serán evacuados mediante unha rede de drenaxe cara a un depósito habilitado para a súa recollida.

A selaxe superficial será o paso previo para proceder á drenaxe das augas pluviais que poidan prexudicar as obras feitas. Serán cinco capas as que se colocarán na mina; unha de regularización feita de vexetación, outra de impermeabilización, outra de drenaxe superficial con 8 mm de grosor, na cuarta capa estenderase unha superficie de solo que permitirá a colocación da capa final feita de terreo vexetal de 30 cm de espesor que dará consistencia á selaxe final. A drenaxe dos pluviais farase mediante a construción dun foxo de formigón; tanto no exterior coma no interior do recinto.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Finalmente, procederáase ao tratamento dos residuos que conteñan biogás para a súa valorización. O lugar será restaurado e disposto para ser utilizado polos veciños de Touro. Procederáase a acoutar a mina mediante un valado metálico e un portón de acceso. O derradeiro paso será a sinalización do lugar.

**Obrigas da consellería e do Concello de Touro**

A Consellería de Medio Ambiente financiará a totalidade do proxecto e levará a cabo as obras necesarias para acadar o obxectivo. Pola súa parte, o Concello de Touro comprométese a poñer á disposición da consellería os terreos libres de cargas e gravames; así como asumir a conservación e o mantemento das obras unha vez que estean rematadas.

O prazo de execución das obras será de 5 meses e permitirá beneficiar a máis de 4.200 veciños do Concello de Touro.

**Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

Actualmente, a Consellería de Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, xa pechou 230 vertedoiros.

Un dato significativo é o feito de que na actualidade 293 concellos envían residuos á valorización enerxética na planta de Sogama, o cal beneficia máis de 2,3 millóns de habitantes. A Comunidade galega sitúase á vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Por último, cómpre sinalar que a progresiva incorporación dos concellos de Galicia a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer as accións pertinentes para unha restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros mediante a adecuación destes á normativa vixente ou, se é o caso, a selaxe e clausura definitiva por estar completa a súa capacidade ou por existiren outras alternativas para o tratamento final dos residuos.

Por último, cómpre subliñar que a previsión do departamento de Hernández é que no horizonte de 2012 se selen todos os vertedoiros de Galicia, salvo aqueles que nese momento poidan ter autorización e estean en fase de explotación.



**MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 340.000 EUROS NA EXECUCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS**

- *Os traballos consistirán en movemento de terras, urbanización, instalacións xerais, colocación de colectores e sinalización*
- *Esta actuación forma parte do Programa de rexeneración de espazos degradados, incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia*
- *O proxecto estará rematado nun prazo de 3 meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación de Ourense para a construción dun punto limpo no Concello de Castro Caldelas. A actuación forma parte do Programa de rexeneración de espazos degradados, incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, financiará o 100% das obras mediante unha achega económica de 344.355 euros, distribuídos en dúas anualidades que se corresponden co presente ano 2010 e o vindeiro 2011.

Os traballos centraranse no movemento de terras, urbanización e colocación de instalacións xerais. O novo recinto contará ademais cunha oficina e un almacén de residuos tóxicos e perigosos, así como un peche perimetral e acceso. O proxecto disporá de colectores e sinalización.

O prazo de execución das obras será de 3 meses.

**Aposta polos puntos limpos**

Este proxecto unirase aos outros 11 puntos limpos postos en funcionamento no que vai de legislatura, nos concellos da Peroxa, A Pobra de Trives, Terras de Celanova e Bande na provincia de Ourense; en Guntín na provincia de Lugo; na provincia da Coruña están situados nos concellos das Somozas, Curtis, Melide e Sobrado dos Monxes; e no Concello de Covelo, en Pontevedra.

O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos así como o mantemento dos xa existentes será de máis de 21,2 millóns de euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández ten prevista a posta a punto de preto de 300 novos puntos limpos no período 2010-2020, dentro do novo Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

<b>PREVISIÓN DE PUNTOS LIMPOS</b>	
Puntos limpos fixos	228
Minipuntos	40
Puntos limpos móviles	28
<b>TOTAL</b>	<b>296</b>

A finalidade dos puntos limpos é minimizar as verteduras nos depósitos controlados, especialmente os que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización.

**Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

O novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos deseñado polo actual Goberno desenvolverase ata o ano 2020 tendo en conta 10 liñas estratéxicas de actuación, que implicarán a mobilización de 502 millóns de euros.

En primeiro lugar, preténdese estabilizar a produción de lixo e lograr que en 2020 a poboación galega produza un 10% menos respecto dos 1,2 millóns de toneladas que se xeran na actualidade.

En segundo lugar, preténdese diminuír progresivamente os residuos que van parar a vertedoiros. Isto supón que, mentres na actualidade se leva a vertedoiros controlados o 53% dos RSU xerados, o obxectivo é reducir a porcentaxe ata o 24%, depositando só aqueles residuos que non poden ser valorizados.

O terceiro obxectivo será o incremento da reutilización e a reciclaxe dos residuos ata un 30% do total dos residuos sólidos xerados, fronte ao 10% actual.

A chamada estratexia dos tres R (redución, reutilización, reciclaxe) complementarase coa valorización enerxética a través da actual planta de SOGAMA en Cerceda e o novo Complexo de Tratamento de Residuos Urbanos do Sur, así como a construción de 8 plantas de compostaxe.

A Xunta aposta polos sistemas complementarios de xestión de residuos urbanos, que son os que triunfan na Comunidade Europea. Galicia sitúase á vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario.

## A XUNTA ACHEGA 323.000 EUROS PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO DO INCIO, EN LUGO

- *As obras consisten na demolición dunha edificación que na actualidade está en mal estado así como o tratamento da medianeira deste inmoble*
- *A praza ornamentarase cuns pequenos estanques e plantacións vexetais, e definirase ademais unha zona para descanso cun banco e marquesiñas*
- *O fin é configurar unha praza pública en que poidan levarse a cabo eventos, conformando un espazo de calidade e resolvendo os problemas de accesibilidade*
- *Estas obras están enmarcadas no Plan Hurbe, proxecto que pretende revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello do Incio para a rehabilitación e ampliación da praza do municipio lucense.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, achega un importe de máis de 323.000 euros distribuídos en dúas anualidades que se corresponden co presente ano 2010 e o vindeiro exercicio 2011.

Na actualidade, existe unha edificación lindeira coa praza existente que está en clara situación de abandono, coa cuberta, os balcóns e as carpintarías deterioradas. O Concello, que xa iniciou os trámites de expropiación do inmoble, ten previsto proceder á demolición do edificio para mellorar o aspecto do núcleo en que se sitúa o centro administrativo e representativo de municipio.

A demolición da edificación citada anteriormente é precisa para a liberación da fachada principal do concello, configurando unha praza pública en que poidan levarse a cabo eventos, conformando un espazo de calidade e resolvendo os problemas de accesibilidade.

O proxecto tamén abrangue unha actuación complementaria que consiste no tratamento da medianeira da edificación lindeira ao edificio que se vai demoler cunha pequena construción dedicada a oficina de turismo ou expositor.

A praza ornamentarase cuns pequenos estanques e plantacións vexetais, e definirase ademais unha zona para descanso cun banco e marquesiñas de protección. Tamén se implantarán os correspondentes servizos urbanísticos.

### **Plan Hurbe**

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración nestas actuacións enmarcadas no Plan Hurbe, pretende revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, axeitando os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SOGAMA, CUN ORZAMENTO DE 47 MILLÓNS DE EUROS, A LICITACIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DA PLANTA DE ELABORACIÓN DE COMBUSTIBLE**

- *Esta instalación dispón de capacidade para tratar entre 500.000 e 550.000 toneladas anuais de residuos urbanos (RU)*
- *O contrato, que rexerá para un período de 4 anos, establece un prezo máximo por tonelada procesada de 23,2 euros*
- *O obxectivo fundamental desta licitación é garantir todo o día a subministración de combustible derivado de residuos á planta termoeléctrica, onde é valorizado enerxeticamente para producir enerxía eléctrica renovable*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por un importe de 47 millóns de euros, a licitación para a xestión integral da Planta de Reciclaxe, Tratamento e Elaboración de Combustible (PRTE), incluíndo os traballos de operación, mantemento e limpeza desta durante un período de 4 anos.

Situada no Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda, esta instalación conta cunha capacidade de tratamento para 500.000-550.000 toneladas anuais de residuos urbanos (RU), e establececese un prezo máximo por tonelada procesada de 23,2 euros.

**Garantir a valorización enerxética**

A PRTE acolle a primeira fase de tratamento a que son sometidos os residuos procedentes da recollida de lixo convencional, coñecido tamén como "bolsa negra", e que acolle o lixo orgánico e non reciclable. Así, tras separar a parte susceptible de ser reciclada (material férrico e aluminio, fundamentalmente), que remite aos centros recicladores para a súa transformación en novos produtos, acondiciona co resto un combustible derivado de residuos (CDR) que destina a valorización enerxética.

Agás o mes de parada técnica anual programada no complexo, período en que se leva a cabo a revisión, reparación e/ou substitución de todos os equipamentos da planta co fin de que queden en perfectas condicións de funcionamento para o resto do ano, a instalación está operativa as 24 horas do día, polo que se fai necesario que se garanta o fluxo de alimentación de CDR, en cantidade e calidade óptimas, para a correcta operación das dúas caldeiras da planta termoeléctrica, onde se produce enerxía eléctrica renovable suficiente para abastecer 100.000 fogares (unha cidade de tipo medio).

## MEDIO AMBIENTE COLABORARÁ NA REVITALIZACIÓN DE 20 EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS DO BARRIO DA CURRA, EN CARNOTA

- *A primeira fase deste proxecto de rehabilitación, reutilización e adecuación de espazos públicos contará cunha subvención autonómica de 250.000 euros*
- *Ademais de fomentar a recuperación do patrimonio arquitectónico, tamén se redonda na mellora de espazos comúns como lugares de encontro e lecer*
- *Estas obras forman parte do Plan Hurbe, un proxecto con que a Consellería de Medio Ambiente pretende revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Carnota para a execución da primeira fase do acondicionamento de espazos públicos no núcleo rural da Curra.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, achega un importe de 250.000 euros, que serán abonados ao concello coruñés en dúas anualidades, 50.000 no presente ano 2010 e o vindeiro exercicio 2011 a parte restante.

A actuación, que conta co apoio do departamento que dirixe Hernández, implica afrontar obras de acondicionamento de vinte edificacións de gran valor patrimonial. Nese sentido, a través da rehabilitación, reutilización, revitalización e adecuación dos espazos públicos do núcleo, preténdese buscar a recuperación do patrimonio arquitectónico mediante a posta en valor de espazos comúns, como lugares de encontro e lecer para o uso e goce dos seus habitantes na procura dunha mellora da calidade de vida.

Para acadar este obxectivo resulta imprescindible actuar sobre a rede de saneamento público, adaptación da rede municipal de distribución de auga potable, soterramento das redes eléctricas e deiluminación pública, ademais da execución dunha pavimentación, dotación de elementos de iluminación e mobiliario urbano integrado no ámbito en que se pretende actuar.

Cómpre recordar que unha das responsabilidades da consellería que dirixe Agustín Hernández é colaborar na mellora da calidade dos espazos urbanos e contribuír á conservación e dotación de edificios e outros elementos de infraestruturas, de xeito que se proporcione aos usuarios unha maior comodidade, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos.

Neste caso concreto, o ámbito en que se actuará constitúe unha singularidade, determinada pola súa condicións de núcleo rural tradicional, que reclama a promoción de políticas públicas que fomenten a súa conservación e a súa posta en valor. Ademais, este tipo de actuación contribúen a promover o emprego local, tanto no sector da

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

construción, como no de servizos, xa que se recuperan zonas máis degradadas que, coa nova adecuación, se fai atractiva a posta en marcha de actividade empresarial.

**Obrigas administrativas**

Para a coordinación desta colaboración entre a administración autonómica e local establecerá unha comisión de seguimento que será a encargada de resolver dúbidas futuras.

Non obstante, coa sinatura deste convenio de colaboración ambos departamentos asumen unha serie de obrigas. No caso da Xunta, o 100% do importe que se estipula no convenio e a inspección da sobras. No caso do concello de Carnota deberá redactar os proxectos técnicos da sobras, realizar as xestións para obter os permisos e licencias necesarios e levar a cabo a contratación do traballos.

**Plan Hurbe**

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración nestas actuacións enmarcadas no Plan Hurbe, pretende revitalizar espazos públicos para uso e goce dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida.

O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentamento os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida.

Os obxectivos deste Plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CONTINUÁ A IMPULSAR A FAMILIA PROFESIONAL DE MADEIRA E MOBLE EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA**

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe do convenio entre ambas as institucións para a formación práctica nestes estudos de FP*
- *Deste xeito a Xunta de Galicia achega os futuros titulados á realidade do sector madeireiro galego*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria continuará a impulsar a formación práctica nos centros de traballo vinculada aos ciclos formativos da familia da madeira e moble. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura da addenda entre a Consellería e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para levar a cabo nas súas instalacións, de forma compartida co IES Antón Losada Diéguez, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio de fabricación a medida e instalación de carpintería e moble durante o curso 2010-2011.

Con esta renovación, Educación ofrece o seu compromiso coas actividades de formación profesional, aumentando as oportunidades dos estudantes galegos para a inserción no mundo laboral.

No que se refire ao ciclo de fabricación a sinatura do convenio permitirá que os novos profesionais continúen formándose en todos os ámbitos da actividade, sexa principalmente nas áreas de desenvolvemento de produtos, prototipos, instalacións ata controis de calidade, ou nas de xestións comerciais.

**Formación para alumnos, profesores e traballadores**

Ao abeiro do convenio establécese entre as partes a colaboración para desenvolver un programa de formación en centros de traballo, para alumnas e alumnos que cursen o dito ciclo, así como a realización de accións de orientación profesional dirixidas a este alumnado. O convenio posibilita tamén a colaboración de expertos da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada na impartición das ensinanzas destes ciclos.

Por outra banda, o convenio recolle a orientación e actualización dos coñecementos do profesorado destes ciclos dependente da consellería nas instalacións das entidades que conforman a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, así como a formación e actualización dos traballadores das devanditas entidades.

Así mesmo, e por proposta dalgunha das partes implicadas, poderanse organizar cursos, seminarios ou estudos sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese para as institucións asinantes. Nese suposto, a Fundación colaborará mediante o apoio técnico e loxístico, tanto no programa de formación do profesorado como nas estadias deste en empresas por tempo definido.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Para o cumprimento deste convenio e as súas correspondentes addendas, a Fundación por á disposición de alumnado e profesorado as instalacións ou talleres especiais de que non dispón o IES Antón Losada Diéguez para a impartición das ensinanzas de FP. Pola súa parte, a Consellería de Educación achegará o persoal docente necesario e farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento destes estudos, que ascende o vindeiro curso a 30.050 euros.

Con esta iniciativa, a Consellería de Educación demostra o seu esforzo por proporcionar a mellor formación práctica aos estudantes de formación profesional, achegándoos ao mesmo tempo á realidade do mundo laboral. Por outra banda, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada preséntase como o marco idóneo en que desenvolver as ensinanzas da familia profesional de madeira e moble, polo que supón no sentido de adecuación destas ás necesidades do sector madeireiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA SEGUIRÁN COLABORANDO NA PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE RADIOTERAPIA**

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe do convenio polo que a fundación pon á disposición dos estudantes as súas instalacións e profesorado*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro continuarán o vindeiro curso a colaborar na impartición das ensinanzas de ciclo de grao superior de FP en radioterapia, a través da sinatura dunha addenda ao convenio de cooperación, á cal deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta.

Ao abeiro deste convenio, as alumnas e alumnos que estean a cursar este ciclo no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) desenvolverán os módulos de fundamentos e técnica de tratamentos de teleterapia, e fundamentos e técnica de braquiterapia nas instalacións especiais da Fundación, dos cales non dispón o centro dependente da Consellería de Educación. Así mesmo, a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia achegará o profesorado especialista necesario para a impartición destas ensinanzas.

Pola súa parte, a Consellería de Educación farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento destas ensinanzas, que se estiman nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2010/2011.

**Optimización dos recursos**

Coa sinatura da addenda a este convenio para o vindeiro ano académico, dáse continuidade a unha colaboración iniciada no curso 2007/2008, co obxectivo de dar cumprimento ao principio constitucional que garante o dereito de todas e todos á educación. Así, pónense á disposición do alumnado galego uns estudos que, doutra forma, non poderían cursar no sistema educativo público, ao non existir en instalacións oportunas para impartir en centros educativos públicos os devanditos módulos do ciclo formativo de grao superior de radioterapia.

Deste xeito, a Consellería de Educación demostra o seu esforzo por achegar a mellor oferta educativa ás galegas e galegos, sempre no marco do ensino público, ao alcance de toda a cidadanía. Ademais, a Xunta leva a cabo un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles, polo que se require a integración de esforzos e mutua colaboración entre a Administración educativa e os organismos e institucións dispostos a prestar a súa colaboración nas ensinanzas de FP.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO DE 70.000 EUROS ENTRE CULTURA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A INVESTIGACIÓN DE MÉTODOS DE LIMPEZA DE CERAS SOBRE GRANITOS CON LÁSER**

- *O Consello da Xunta autorizaou o convenio de colaboración entre ambas as entidades, que estará complementado cunha intervención programada sobre o friso do claustro da Catedral de Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proxecto de investigación de métodos de limpeza de ceras sobre granitos con láser, complementado cunha intervención programada sobre o friso do claustro da Catedral de Santiago de Compostela. A Consellería contribuirá á realización deste proxecto cunha achega de 70.000 euros destinada á Universidade de Vigo.

Dentro deste acordo enmárcanse actividades como o estudo e informe de preconsolidación en laboratorio; o estudo e informe de probas de limpeza láser de cera no friso do claustro; o estudo, optimización e informe de limpeza láser de costras biolóxicas en laboratorio; o estudo, optimización e informe da limpeza láser de elorescencias en laboratorio; e o informe final de todos os procesos desenvolvidos.

A Consellería de Cultura e Turismo asume as competencias exclusivas en materia de patrimonio histórico, artístico e arquitectónico no ámbito territorial galego e, en virtude desas competencia, concede as axudas para a conservación, recuperación, restauración e promoción do patrimonio cultural de Galicia. Pola súa banda, a Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Ambas entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan a investigación da limpeza de ceras por medio de láser.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**APROBADO O CONVENIO ENTRE CULTURA E TURISMO E A FUNDACIÓN FERROL METRÓPOLI PARA A PREPARACIÓN DA CANDIDATURA DO FERROL DA ILUSTRACIÓN COMO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO**

- *O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración para desenvolver un proxecto de candidatura que suporá a proxección internacional para a cidade e a Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Ferrol Metrópoli para o desenvolvemento do proxecto de preparación da candidatura de Ferrol da Ilustración na lista de Patrimonio Mundial da Unesco. A consellería contribuirá a esta iniciativa cunha achega de 90.000 euros.

O convenio enmarca actividades como a finalización dos labores de catalogación de fontes documentais e bibliográficas, a finalización da planimetría xeorreferenciada exigida pola Unesco, a realización dos estudos comparativos con bens culturais de análoga natureza, a supervisión do contido do expediente, a edición de traballos monográficos que apoien as valoracións dos bens culturais, a redacción de propostas de plans directores de xestión e a realización de estudos básicos de creación de indicadores.

A Consellería de Cultura e Turismo asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural e amósase receptiva a todas aquelas iniciativas que teñan por obxecto a investigación, protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia en calquera das súas manifestacións.

A Fundación Ferrol Metrópoli, pola súa banda, é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego e conta entre os seus fins o da difusión da cultura e a potenciación do patrimonio histórico do seu contorno.

**Patrimonio Mundial**

A Listaxe do Patrimonio Mundial elaborada pola Unesco recolle os bens de tipo cultural e de tipo natural que posúen unha importancia mundial. Entre eles están monumentos e paisaxes tan dispares como as pirámides de Exipto ou a Gran Barreira de Coral australiana. Galicia xa conta con catro bens coa devandita consideración: a muralla de Lugo, o Camiño de Santiago, a zona histórica de Compostela e a Torre de Hércules, que foi a última en unirse a esta lista. O faro coruñés acadou o pasado ano 2009 a declaración de Patrimonio da Humanidade.

As vantaxes desta declaración repercuten á vez na promoción e na conservación. Figurar nunha listaxe a carón de monumentos como a Acrópole de Atenas supón un importante pulo de promoción a nivel internacional. Por outra banda, este recoñecemento obriga a aplicar unha estrita política de conservación, que é supervisada

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

pola Unesco e polos seus órganos asesores. A solicitude de inscrición suporá a proxección internacional para Ferrol e para Galicia.

## DECLARADAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA O FILANDÓN DE MÚSICAS DO COUREL, A FESTA DE EXALTACIÓN DO PAN DE CEA E A SEMANA SANTA DE PARADELA DE MEIS

- *A Secretaría Xeral para o Turismo valorou criterios como a antigüidade, a singularidade, o arraigamento e o valor cultural que posúen estas festas dentro do panorama cultural galego*
- *A declaración terá importantes repercusións sobre a dinamización económica e social destas localidades, ao tempo que contribuirá á promoción de todos os recursos turísticos das comarcas*

O Consello da Xunta de Galicia declarou como festas de interese turístico de Galicia o Filandón de Músicas do Courel, que se celebra en Folgoso do Courel (Lugo); a Festa de Exaltación do Pan de Cea, na provincia de Ourense; e a Semana Santa de Paradelas, do Concello pontevedrés de Meis.

A antigüidade dos eventos, dun mínimo de dez anos, a súa singularidade, así como o seu arraigamento e valor cultural, foron os criterios que se tiveron en conta á hora do seu recoñecemento oficial desde a Secretaría Xeral para o Turismo.

As tres festividades cumpren, xa que logo, cos requisitos establecidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de declaración de festas de Galicia de interese turístico, tal e como considerou a Comisión de Valoración de Festas de Galicia de Interese Turístico, que se reuniu en Santiago de Compostela o pasado 27 de maio para tratar este asunto.

A declaración dunha festa como de interese turístico autonómico ten importantes repercusións sobre a dinamización económica e social da localidade onde se celebra. Esta declaración constitúe ademais un recoñecemento especial ao evento festivo, outórgalle unha difusión que transcende os ámbitos territoriais propios e contribúe á promoción de todos os recursos turísticos, tanto do lugar de celebración como da comarca en que se sitúa.

### O Filandón do Courel

A primeira edición do Filandón de Músicas do Courel (Lugo) data de 1998, ano en que naceu coa filosofía de promocionar e recuperar as vellas músicas desta montaña lucense que se mantiveron nesa zona ao longo dos séculos.

É o único festival monográfico dedicado en exclusiva ás tradicións musicais populares, unha mostra única da música da serra do Courel. Constitúe unha manifestación dunha cultura centenaria que consiste en reunir xente das aldeas que sabe cantar, tocar un instrumento ou contar unha historia. Ademais destas singularidades, boa parte das melodías e cantares populares recompílanse en libros e discos, polo que conforman un verdadeiro patrimonio etnográfico desta zona da Alta Montaña lucense.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O festival, que comezou celebrándose na contorna do cámping de Esperante para pasar definitivamente a realizarse na sede da Ferreiría de Seoane, un edificio histórico restaurado parcialmente en 1999, está organizado pola Escola de Gaitas do Courel, encargada de recuperar tradicións culturais como O Corno Celta, Os Cantares da Serra e as figuras dos “brindeiros”, tamén coñecidos noutras partes de Galicia como “regueifeiros”.

En paralelo cos actos da festa (misa, xantar tradicional baseado principalmente no freixó, actuacións de artistas populares) cabe subliñar o interese etnográfico das exposicións bibliográficas, discográficas e de instrumentos tradicionais que se realizan no penúltimo domingo de xullo, nunha festa que está a acoller nas últimas edicións máis de 1.000 habitantes.

**O Pan de Cea**

A Festa da Exaltación do Pan de Cea ten 18 anos de antigüidade, aínda que xa no século XIII se falaba do “pan branco” que cocían as panadeiras de Cea, e no XIX popularizouse co nome que hoxe coñecemos.

Trátase do único pan de Europa que conta co distintivo de indicación xeográfica protexida, un dos aspectos que xustifica a súa singularidade dentro das festas galegas. O arraigamento e o valor cultural desta festa converten esta localidade nun dos eixes ao redor do cal xira gran parte da economía da vila.

Cada primeiro domingo de xullo máis de 3.000 visitantes se achegan ata o Concello ourensán de San Cristovo de Cea para participar nos numerosos actos da festa (degustacións gastronómicas con denominación de orixe, exposicións, actuacións musicais, obradoiros,...).

**Semana Santa de Paradela**

A Semana Santa de Santa María de Paradela, no concello pontevedrés de Meis, véñse celebrando desde o ano 1900, aínda que a súa orixe se remonta a tempos ancestrais. De feito, o apoxeo desta celebración cristiá data do século XVI, momento en que se adquire a imaxe do Cristo de Medinaceli articulado para escenificar a paixón e resurrección de Xesucristo. Aos actos litúrxicos e procesións da Semana Santa, que se suceden ano tras ano, súmase un conxunto de orixinais representacións teatrais e recitais de poesía que a fan única e singular.

A Asociación Cultural ‘A Croa’ mantén viva esta tradición na parroquia de Paradela, que cada ano consegue a unión e o entendemento dos veciños co resto de parroquias da zona, que colaboran de maneira voluntaria, vestíndose con roupas da época para a reprodución do desencravamento de Cristo.

## **A XUNTA, AS TRES UNIVERSIDADES E O CSIC COLABORAN PARA CREAR NOVAS EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)*
- *O Goberno galego achega un total de 250.000 euros a esta iniciativa*

A Xunta, as tres universidades galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) colaborarán co fin de crear novas iniciativas de base tecnolóxicas (IEBT), para transformar a investigación universitaria en negocios viables.

Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar con estes organismos. O Goberno galego achega un total de 250.000 euros para financiar as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste acordo.

A través deste convenio, dáselle un impulso á investigación, á innovación e ao espírito empresarial universitario, xa que o seu fin último é crear empresas baseadas en resultados da investigación universitaria.

Así, tanto a Xunta como o resto de organismos implicados pretenden dar un salto cualitativo e cuantitativo na promoción de empresas de base tecnolóxica, a través da dinamización de todo o proceso que vai desde a orixe dos resultados da investigación universitaria ata a creación da empresa.

Por iso, impleméntase un modelo integral, coñecido como "Empresa-Concepto", de estímulo á transferencia de tecnoloxía mediante o desenvolvemento de empresas de base tecnolóxica, de modo que se facilite o seu acceso e consolidación nos mercados.

Deste xeito, o programa pon á disposición dos investigadores os medios económicos e humanos necesarios para detectar e avaliar aquelas tecnoloxías ou coñecementos susceptibles de transformarse nun negocio. Todas as actuacións son coordinadas e supervisadas polos participantes nesta iniciativa.

Así, por exemplo, fináncianse os custos salariais de profesionais de apoio á xerencia destas empresas, que se encargan de ensinar, de forma teórica e práctica, aos investigadores na xerencia da empresa, a elaborar un plan de empresa, un plan comercial, ou como buscar clientes, entre outras actuacións. En xeral, trátase de mostrarlles como se desenvolve a xerencia dunha empresa para que, cando se constitúa definitivamente o negocio, poidan desenvolverse por si mesmos.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

En definitiva, este convenio busca favorecer a creación das IEBT, fomentar a cultura emprendedora, incentivar o autoemprego e favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía da universidade á sociedade galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA E PROXECTO HOME COLABORARÁN NA REINSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DE MOZOS A TRAVÉS DA ACTIVIDADE AGRÍCOLA E SILVÍCOLA**

- *O Consello autorizou hoxe a Medio Rural que asine un convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo, que xestiona este programa educativo-terapéutico, para a realización de labores de hortofloricultura e silvicultura*
- *O Goberno galego financiará estas actuacións con 55.000 euros no período 2010-2011, mentres que a entidade sen ánimo de lucro porá á disposición da Consellería a súa explotación situada no concello coruñés de Val do Dubra*

O Consello autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural que asine un convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo para promover accións de rehabilitación e reinserción sociolaboral de mozos a través da actividade agrícola e silvícola.

Este convenio regulará as condicións de cooperación entre Medio Rural e a devandita fundación para promover unha mellor capacitación destes mozos e fomentar a súa reinserción a través deste tipo de labores, en particular mellorando a xestión e control técnico-administrativo nos campos de ensaio e experimentación de hortofloricultura ou outras actividades alternativas. Tamén, por medio da formación en valores relativos ao coñecemento e coidado dos recursos forestais e a transferencia de coñecementos no ámbito da silvicultura.

Medio Rural prestará apoio técnico-formativo á fundación e comprométese a financiar as actividades cun total de 55.000 euros nas anualidades de 2010 e 2011.

No texto do convenio lémbrese que a Fundación Monte do Gozo ten unha ampla experiencia no desenvolvemento de campos de ensaio e demostración, así como no control técnico destes, o que permite obter resultados e datos de gran valor orientativo para os horticultores. Ademais, esta entidade sen ánimo de lucro ten tamén unha ampla bagaxe na realización de traballos de formación de carácter silvícola como apoio á reinserción sociolaboral de toxicómanos.

**Explotación agraria**

En virtude deste acordo, a Fundación Monte do Gozo –promotora do programa educativo-terapéutico Proxecto Home Galicia– porá á disposición da Consellería do Medio Rural durante o ano 2010 a explotación agraria situada no lugar das Cernadas, no concello coruñés de Val do Dubra, e responsabilizarase da realización neste medio dos campos de ensaio e demostración, nunha superficie de 2.000 metros cadrados baixo abrigo e doutros 8.600 ao aire libre.

O proxecto de experimentación comprenderá, entre outras actividades, a introdución de novos cultivos hortícolas e ornamentais; a aplicación de novas tecnoloxías; a introdución de caixas niño especiais para paxaros insectívoros para a loita biolóxica

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

contra as pragas e a entrega dos resultados obtidos, debidamente procesados, a Medio Rural para a súa supervisión e posterior divulgación, se procedese.

## MARISCADORES DE A PÉ DA LONXA DE CAMPELO E DA CONFRARÍA DE BAIONA BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA DOS SEUS CONVENIOS PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS

- *Os acordos asinados coa AIE Lonxa de Campelo e coa Confraría de Baiona teñen por obxecto mellorar as condicións dos zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*
- *A vixencia de ambos os convenios é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto no caso de que se produza mellora na clasificación da zona como ocorreu no caso do Burgo*

Mariscadores de a pé da Lonxa de Campelo, é dicir os de Pontevedra, Raxó e Lourizán, e os mariscadores de Baiona beneficiaranse dunha segunda prórroga dos seus convenios para a recuperación produtiva dos bancos marisqueiros. O Consello da Xunta aprobou esta mañá a prórroga de ambos os convenios entre estas confrarías e a Consellería do Mar co obxectivo de continuar traballando para mellorar a produtividade dos bancos.

A prórroga destes dous convenios realízase porque as análises do Intecmar non prevén unha mellora da calidade das augas nos vindeiros meses. No caso da confraría de Pontevedra, Raxó e Lourizán o importe destinado a este terceiro cuadrimestre para a recuperación do banco dos Praceres é de 581.504,00 euros. Por outra banda, para continuar traballando na parte media e interna do esteiro do río Miñor, a Consellería destina á confraría de Baiona 73.440,84 euros.

As zonas clasificadas como C, como o banco dos Praceres, na parte interna da Ría de Pontevedra, e traballada pola AIE Lonxa de Campelo ou a parte media e interna do esteiro do río Miñor, correspondente á confraría de Baiona, impiden a comercialización en fresco do produto. Isto dificulta enormemente na práctica a realización da actividade normal de marisqueo, de aí que mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, prorrogue estes convenios. Ambos inclúen accións de limpeza e retirada de materiais que dificulten a supervivencia do molusco e o seu traslado desde as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento.

A vixencia de ambos os convenios é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en augas de zonas de produción C, tras ser sometidos a tratamento de depuración intensiva. Os dous convenios serán cofinanciados polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, e corresponde o 39% restante á Administración autonómica.

## MARISCADORES DE MIÑO E PONTEDEUME BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA DOS SEUS CONVENIOS PARA A REXENERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS

- *Os acordos asinados coas confrarías de Miño e Pontedeume teñen por obxecto mellorar as condicións das zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*
- *A vixencia de ambos os convenios é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto no caso de que se produza mellora na clasificación da zona, como ocorreu no caso do Burgo*

Os mariscadores de Miño e Pontedeume beneficiaranse da prórroga dos seus convenios asinados coa Consellería do Mar para a rexeneración dos bancos marisqueiros. O Consello da Xunta aprobou esta mañá a prórroga de ambos os convenios co obxectivo de continuar traballando pola recuperación produtiva dos bancos marisqueiros das zonas de produción catalogadas como C.

No caso da Confraría de Miño o convenio prorrogase cun reforzo nas accións que se están a desenvolver na zona traballada por esta confraría. Isto débese a que os últimos controis realizados polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño na zona amosan que a zona C dos bancos marisqueiros da Confraría de Miño se incrementa. Estas variacións levaron a realizar unha nova clasificación das zonas, que se publicará nunha nova orde que se está tramitando e que se prevé que se publique proximamente. O importe destinado a esta prórroga é de 146.201,06 euros.

Por outra banda, a prórroga do convenio coa confraría de Pontedeume realízase porque as análises do Intecmar non prevén unha mellora da calidade das augas. O importe destinado á terceira prórroga deste acordo é de 118.101,95 euros.

As zonas clasificadas como C, como as destas confrarías, impiden a comercialización en fresco do produto, polo que dificulta enormemente na práctica a realización da actividade normal de marisqueo. De aí que, mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, se prorroguen estes convenios que, no caso da confraría de Miño, inclúen accións para os mariscadores de a pé e desde embarcación como limpeza de mexillón e retirada de algas, recollida de mostras para enviar ao Intecmar e o traslado de moluscos bivalvos desde as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento.

No caso da confraría de Pontedeume, as accións que inclúe o convenio son a limpeza de materiais que dificulten a supervivencia do molusco e a eliminación de substrato nos bancos das zonas de produtividade minguada polos lodos. Deste xeito mellóranse as capacidades profesionais dos mariscadores involucrados nos labores de mantemento dos bancos e na mellora da xestión do marisqueo.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A vixencia de ambos os convenios é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en augas de zonas de produción C, tras ser sometidos a tratamento de depuración intensiva. Os dous convenios serán cofinanciados polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, e corresponde o 39% restante á Administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA XA TEN PRACTICAMENTE EXTINGUIDOS CINCO DOS ORGANISMOS AVALIADOS NO PRIMEIRO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DOS ENTES DEPENDENTES DA XUNTA DE GALICIA**

- *Trátase da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, a Fundación Milenio, a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, a Axencia Humanitaria de Galicia e a Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais*
- *O ritmo de execución do plan é superior ao previsto, segundo figura no informe que levou hoxe a Consello o conselleiro de Presidencia*
- *Os organismos en que o estudo avogaba polo seu mantemento están tamén a poñer en marcha as melloras propostas*

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, presentou esta mañá no Consello da Xunta un informe no cal se dá conta do grao de execución do primeiro plan de racionalización dos organismo dependentes do Goberno galego. Con este documento cúmprese coa obriga asumida o pasado 22 de abril, data de aprobación de plan, pola cal a Comisión asesora e supervisora da súa execución informaría trimestralmente do seu cumprimento.

O informe dá a coñecer que cinco dos entes dependentes xa adoptaron o seu acordo de extinción. Estes organismos son a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, Fundación Milenio, Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, Axencia Humanitaria de Galicia e Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais. Despois do verán, o 30 de setembro, será a quenda da Fundación Galicia Emigración.

Así mesmo, a disolución da Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense (Acecousa) está prevista no anteproxecto de Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), texto normativo que se prevé enviar ao Parlamento no mes de setembro.

Ademais, a extinción das 34 Fundacións Comarcais -asumindo as súas competencias a Axencia galega de desenvolvemento Rural (Agader)- terá lugar unha vez que se aprobe o anteproxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia, a de medidas fiscais e de réxime orzamentario e a de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. Pola súa banda, a Lei de extinción do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller debateuse na súa totalidade no Pleno do Parlamento o pasado 20 de xullo.

**Organismos reformulados, refundidos ou separados**

Ademais da supresión destes entes, o plan de racionalización apostaba pola refundición e reformulación da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

No primeiro dos casos realizáronse xa importantes avances no seu proceso de racionalización e analizáronse en profundidade –tras adoptar xa medidas para o efecto– os tres centros dela dependentes coa finalidade de converxer na futura Axencia de Innovación, esta última prevista na LOFAXGA.

Pola súa banda, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na súa asemblea do 2 xullo reduciu o seu cadro de persoal e acordou xa a súa integración na futura Axencia de Servizos Sociais.

En canto aos organismos que se integrarán noutros entes, encóntrase xa en tramitación a fusión do Centro Tecnolóxico das Industrias Lácteas (Cetil) co Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (Cetal), para o cal xa existían conversas co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

A Xestora Bantegal integrárase na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), tal e como se tiña previsto, unha vez que se aprobe o anteproxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia.

Doutra banda, o documento tamén informa de que xa se formalizou ante notario a venda das accións da Xunta de Galicia na Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso), e resta unicamente que as caixas presenten os substitutos nos cargos no consello de administración para formalizar os cesamentos dos representantes da Xunta neles.

Por último, o informe recolle que nos 16 organismos que se manteñen dos analizados no plan de racionalización, se están cumprindo as recomendacións específicas de mellora na organización e funcionamento formuladas para cada un deles.

**Plan de racionalización**

O Consello da Xunta, na súa reunión do 22 de abril de 2010, aprobou o primeiro Plan de Racionalización de Organismos Dependentes do Goberno galego. O dito plan consistiu na avaliación da estrutura e funcionamento de 64 dos 145 organismos da chamada Administración paralela, e concluíu co mantemento de 16 deles –introducindo melloras–, a supresión ou integración na Administración dun total de 46, e a proposta de refundición dos outros dous restantes.

Os obxectivos do plan son evitar as duplicidades que se detectaron, gañar en eficacia e en transparencia, adelgazar a Administración paralela e que non sexan organismos autónomos os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías de que dependen, e a un menor custo.



## A XUNTA APROBA INICIALMENTE O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL E AMPLÍA A SUSPENSIÓN CAUTELAR MÁIS ALÁ DOS 500 METROS

- *Trátase da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, a Fundación Milenio, a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, a Axencia Humanitaria*
- *A suspensión, que supera nun 31% a que establecía a Lei de medidas urxentes, manterase ata a aprobación definitiva do Plan do Litoral, prevista para finais de ano*
- *A aprobación inicial do documento abre o trámite de información pública durante dous meses para que todas as persoas e institucións poidan presentar as alegacións que consideren convenientes*
- *Plan de Ordenación do Litoral detectou 731 ámbitos correspondentes a 9.651 hectáreas non acordes co modelo do plan, que serán suspendidos de forma cautelar*
- *As medidas de suspensión anunciadas serán efectivas nos municipios incluídos no ámbito de aplicación con planeamento xeral non adaptado á Lei do solo ata a aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral*

O *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá a orde pola que se aproba inicialmente o Plan do Litoral de Galicia e se procede á apertura do trámite de información pública. O Consello da Xunta foi informado hoxe do contido deste documento.

Este trámite de aprobación inicial, que suporá o comezo da ordenación, protección e mellora de toda a costa galega, integra dous actos administrativos relevantes:

- Por unha parte, o levantamento da suspensión cautelar de novos asentamentos urbanísticos na franxa dos 500 metros, medida que seguía en vigor ata a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral.
- Por outra parte, supón a suspensión de todas as actuacións urbanísticas cuxo desenvolvemento ou implantación contradiga as determinacións do plan aprobado inicialmente.

A detallada análise levada a cabo para configurar o Plan de Ordenación do Litoral detectou un total de 731 ámbitos correspondentes a 9.651 hectáreas non acordes co modelo do plan e, polo tanto, que serán paralizados de forma cautelar.

No ámbito dos 500 metros mantense a paralización en 6.859 hectáreas correspondentes a 465 solos. Nesta franxa levántase a suspensión cautelar a 259 solos correspondentes con 514 hectáreas que estaban paralizados. Estes últimos ámbitos, na súa maioría, son solos urbanos non consolidados integrables na trama urbana ou solos cuxa entidade ou ordenación pormenorizada é compatible co modelo do plan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

O Plan do Litoral amplía a protección, mellora e ordenación máis alá dos 500 metros, pois comprende o territorio como un continuo. Nesta franxa de nova protección o documento paraliza de forma cautelar –ata a súa aprobación definitiva- outros 266 ámbitos que supoñen 2.792 hectáreas.

Deste xeito, as 9.657 hectáreas paralizadas en conxunto polo Plan de Ordenación do Litoral incrementan a protección da costa un 31% respecto á regulamentación actual (7.372 hectáreas paralizadas).

Aprobación inicial		Superficie ha	Solos nº
<500	Compatible	513,93	259
	Paraliza	6.858,27	465
<b>Total &lt;500</b>		<b>7.372,20</b>	<b>724</b>
>500	Compatible	536,78	119
	Paraliza	2.792,40	266
<b>Total &gt;500</b>		<b>3.329,17</b>	<b>385</b>
<b>Total xeral</b>		<b>10.701,37</b>	<b>1.109</b>

As medidas de suspensión anunciadas mediante a orde de aprobación inicial serán efectivas nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral con planeamento xeral non adaptado á Lei do solo ata a aprobación definitiva do plan, que a Xunta prevé para antes de que finalice o ano, logo da elevación do documento ao Consello da Xunta.

Os 82 municipios que se inclúen no ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral son:

**A CORUÑA:** Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Boiro, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Carnota, Cedeira, Cee, Corcubión, A Coruña, Culleredo, Dodro, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Laxe, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Mugardos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ortigueira, Outes, Paderne, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, Porto do son, Rianxo, Ribeira, Sada, Valdoviño, Vimianzo, Cariño.

**LUGO:** Barreiros, Cervo, Foz, Xove, Ribadeo, Trabada, O Vicedo, Viveiro, Burela.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

**PONTEVEDRA:** Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Catoira, Gondomar, O Grove, A Guarda, Marín, Meaño, Moaña, Nigrán, Oia, Pontevedra, Poio, Redondela, Ribadumia, O Rosal, Sanxenxo, Soutomaior, Tomiño, Valga, Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e A illa de Arousa.

O Plan de Ordenación do Litoral non é un documento maximalista nin xeralista, senón que analiza cada caso polo miúdo e concretando, para cada tipo de solo, o grao de compatibilidade co Plan e establecendo, de ser o caso, a opción de adaptación motivada polo maior e mellor coñecemento que agora se ten de cada un dos solos.

A aprobación inicial supón o comezo do proceso de información pública, que se estenderá durante un período de dous meses. Neste tempo todas as persoas e institucións que o consideren conveniente poderán presentar as súas alegacións e informes co obxectivo de acadar o mellor documento posible. Con este obxectivo, toda a documentación do Plan de Ordenación do Litoral, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, poderá ser examinada fisicamente na Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, así como nos departamentos territoriais da consellería. Ademais, poderá ser consultada vía electrónica a páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**Participación**

O modo en que se está a levar a cabo a tramitación deste documento de ordenación territorial constitúe a implantación dun novo modelo de xestión na Administración, un modelo encamiñado cara á gobernanza coordinada, corresponsable e solidaria co resto das administracións, concellos e cidadáns.

Deste xeito, durante período de audiencia previa, que se prorrogou de 2 a 3 meses por petición da FEGAMP, a páxina web habilitada rexistrou 2,7 millóns de visitas, a oficina do POL recibiu case un cento de consultas e leváronse a cabo 80 audiencias a concellos así como 16 conferencias e entrevistas, que serviron para dar a coñecer e achegar o documento á cidadanía, ademais de para ampliálo e completalo.

Ademais, neste tempo, os concellos e outras entidades supramunicipais afectadas realizaron un total de 564 consultas, a meirande parte relacionadas coa cartografía (61%) e con cuestións xurídicas relacionadas co ámbito e as determinacións (31%) do Plan de Ordenación do Litoral. Todas e cada unha das consultas foron atendidas, analizadas e na súa meirande parte incorporadas ao documento que agora se aproba para enriquecelo e melloralo. Este período de información pública durante o trámite de audiencia permitiu achegar o contido do modelo proposto polo POL á cidadanía e aos concellos, un aspecto fundamental para a súa aplicación futura.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

No eido parlamentario é salientable a creación dunha comisión non permanente de seguimento do Plan do Litoral, integrada polos tres grupos parlamentarios. Esa comisión reuniuse en 11 ocasións e nela compareceron 18 persoas e institucións, entre expertos de recoñecido prestixio e demais axentes relacionados co ámbito. O 25 de xuño a nomeada comisión decidiu emitir informe favorable sobre o POL propoñendo a inclusión e o tratamento dunha serie de cuestións que foron recollidas no documento de aprobación inicial.

**O documento**

Á vista das consultas recibidas e co obxectivo de mellorar a funcionalidade do modelo xeral do POL realizáronse axustes no ámbito de xestión, que se incrementou desde as 212.164 hectáreas da fase anterior ás 215.865 actuais. Esta superficie distribúese en 428 unidades litorais e 13 prelitorais correspondentes a 34 sectores costeiros que reflicten a diversidade das sete zonas costeiras (A Mariña lucense, Rías Altas, Golfo Ártabro, Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rías Baixas e Costa Sur).

Provincia	Nº de concellos	Ha	%
Pontevedra	27	57.192,47	26,56%
A Coruña	46	132.890,45	61,71%
Lugo	9	25.276,10	11,74%
<b>Total</b>	<b>82</b>	<b>215.359,01</b>	<b>100,00%</b>

**Ámbito de aplicación**

Corresponde co que se establece na normativa, eliminando del o solo urbano consolidado e de núcleo rural, figuras en que o POL non é aplicable. Ademais, non será de aplicación no solo urbano non consolidado e nos urbanizables dos municipios adaptados á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, salvo adaptación voluntaria propia por parte dos concellos.

Provincia	Nº de concellos	ha	%
Pontevedra	27	42.959,01	23,75%
A Coruña	46	114.606,72	63,35%
Lugo	9	23.340,06	12,90%
<b>Total</b>	<b>82</b>	<b>180.905,79</b>	<b>100,00%</b>

**Modelo territorial**

O documento de aprobación inicial mantén basicamente a estrutura do modelo do texto anterior, ordenando o litoral segundo as áreas de protección ambiental (intermareal e costeira), mellora ambiental e paisaxística e ordenación litoral; e outros elementos de protección: corredores, os espazos de interese e a Rede de Espazos Naturais de Galicia.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Ademais, nesta fase realizouse un especial esforzo para clarificar e concretar os tipos de asentamentos que nos atopamos no ámbito litoral. Estas agrupacións establecen a forma en que se poden levar a cabo os diferentes desenvolvementos en función da área do plan en que se atopan.

Ámbito		Xestión		Aplicación	
Área do POL		ha	%	ha	%
Protección ambiental	Intermareal	10.120	4,70%	10.110	5,59%
	Costeira	36.516	16,96%	35.567	19,66%
Mellora ambiental e paisaxística		52.184	24,23%	40.919	22,62%
Ordenación		116.538	54,11%	94.308	52,13%
Total		215.359	100%	180.905	100%

## A CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO BO USO DE MEDICAMENTOS INCREMENTA A PRESCRICIÓN DE XENÉRICOS EN MÁIS DE 3 PUNTOS PORCENTUAIS

- *Este incremento de prescrición de xenéricos estase a experimentar tanto nas xerencias de atención primaria como en especializada*
- *Inclúense tres novos fármacos: o Clopidogrel, un antiagregante; a Fluvastatina, un hipolipemiente; e o Escitalopram, un antidepressivo*
- *Estas medidas complementaranse coa elaboración do Catálogo priorizado de recursos farmacoterapéuticos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe ao Consello da Xunta do comezo da quinta fase da campaña de promoción dos medicamentos xenéricos ou de marca de menor custo que está a desenvolver o Executivo autonómico desde o pasado verán. Esta medida supuxo un aforro de 1.093.634 euros entre xullo de 2009 e maio de 2010 cos doce medicamentos incluídos nas catro primeiras fases.

A porcentaxe total de envases xenéricos prescritos en Galicia aumentou máis de tres puntos porcentuais desde o comezo da campaña: dun 10,86% ao 14,01% do pasado mes de maio, fronte ao crecemento dun 1% anual nos anos anteriores. Este incremento de prescrición de xenéricos estase a experimentar tanto nas xerencias de atención primaria como en especializada. Así, en Primaria pasouse ao inicio da campaña en xullo de 2009 dun 10,83% a un 13,98% en maio de 2010, cunha diferenza de 3,14 puntos porcentuais.

Nos hospitais o aumento é maior, pasando dun 9,46% ao 14,26%, unha diferenza do 4,79%. Neste sentido, desde a Xunta de Galicia agradécese moi especialmente a implicación e o compromiso amosado desde o primeiro momento polos profesionais do Servizo Galego de Saúde con esta iniciativa.

Os medicamentos xenéricos conteñen o mesmo principio activo, a mesma dose e a mesma forma farmacéutica que o orixinal, e garanten a mesma calidade e eficacia que o de referencia.

Na quinta fase da campaña de promoción incluíranse tres novos fármacos, nos cales a autorización de xenéricos é recente: o Clopidogrel, un antiagregante; a Fluvastatina, un hipolipemiente; e o Escitalopram, un antidepressivo. O aforro potencial nun mes se só se prescribisen os xenéricos destes tres medicamentos, e ningún de marca, sería de 1.147.000 euros, o que supón 13 millóns anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MANUEL SÁNCHEZ SALORIO PRESIDIRÁ A COMISIÓN DE VALORACIÓN QUE AVALIARÁ A DOCUMENTACIÓN PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAS EMÉRITO NO ÁMBITO SANITARIO**

- *A Consellería de Sanidade informou ao Consello da Xunta das dúas ordes con que se desenvolverá o decreto do persoal emérito*
- *Esta figura reconece a singular importancia profesional e humana dos profesionais que coa súa capacidade e dedicación contribuíron ao desenvolvemento da asistencia sanitaria en Galicia*
- *Poderá nomearse como persoal emérito un máximo de seis persoas por un ano prorrogable*

O Consellería de Sanidade informou esta mañá ao Consello da Xunta das dúas ordes que desenvolverán o proceso de nomeamento do persoal emérito.

Estas ordes permitirán aplicar o Decreto 36/2010, do 11 de marzo, polo que reconece a singular importancia profesional e humana dos profesionais que coa súa capacidade e dedicación contribuíron ao desenvolvemento da asistencia sanitaria en Galicia e, por extensión, en todo o sistema nacional de Saúde. Pódese nomear, sempre con carácter excepcional, persoal emérito entre licenciados sanitarios xubilados que acrediten méritos relevantes na súa traxectoria profesional

En concreto autorizouse unha orde pola que se establece o número e a contía máxima do orzamento destinado a gratificacións do persoal emérito do Servizo Galego de Saúde.

Así, segundo esta orde, non se poderán nomear máis de 6 persoas como eméritos no ámbito sanitario. Este número establécese en todo caso como máximo, polo que o nomeamento se realizará tendo en conta o carácter excepcional do nomeamento e en función das propostas que se efectúen desde as respectivas xerencias do Servizo Galego de Saúde.

O nomeamento terá unha vixencia dun ano e poderá prorrogarse por períodos iguais en función das necesidades do centro sanitario de adscrición, coa necesaria conformidade do interesado. A partir dos 72 anos os eméritos deixan de estar vinculados a un centro sanitario e manteñen a súa condición unicamente con carácter honorífico.

A outra orde autorizada esta mañá polo Consello da Xunta encárgase de nomear os cinco membros da Comisión de Valoración, que será a encargada de valorar e avaliar a documentación presentada cos requisitos dos aspirantes para seren ou non nomeados eméritos. A comisión estará formada por profesionais de recoñecido prestixio e será presidida por Manuel Sánchez Salorio

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A comisión, formada respectando o criterio de representación equilibrada de mulleres e homes de acordo coa lexislación vixente, funcionará como un órgano colexiado e poderá solicitar dos departamentos, entidades, fundacións, etc, dependentes ou adscritas á Consellería de Sanidade, toda a documentación que considere oportuna para realizar a súa proposta.



## **A XUNTA ADXUDICA A REDACCIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL, ANTEPROXECTO E PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE PONTEVEDRA**

- *O orzamento da adxudicación é de 880.000 euros*
- *O centro contará cunha superficie construída de 150.000 metros cadrados e será un hospital de futuro, único, sustentable e ecolóxico*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe aos membros do Consello da Xunta da adxudicación definitiva para a redacción do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, anteprojecto e prescricións técnicas do novo hospital de Pontevedra. A adxudicación definitiva realizouse a unha UTE por valor de 882.558,63 euros, e a adxudicataria disporá agora do prazo de cinco meses para a redacción do proxecto.

O novo centro sanitario público que o Servizo Galego de Saúde porá en marcha en Monte Carrasco será 100% público. Contará cunha superficie construída de 150.000 metros cadrados e será un hospital de futuro, único, sustentable e ecolóxico, no cal se prestará especial atención á humanización da área materno-infantil, oncolóxica e de coidados paliativos.

A licitación da redacción do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal contén, segundo a lexislación aplicable, a memoria descritiva das características técnicas e do ámbito territorial afectado; a memoria xustificativa do interese público e do seu carácter supramunicipal; o estudo de incidencia territorial con medidas de corrección ou minimización do impacto que se poida producir sobre o territorio físico e a paisaxe; a análise da relación co planeamento urbanístico vixente; a regulación detallada de usos, volumes, características técnicas e de deseño; o prazo de inicio e remate das obras; a planimetría correspondente; a documentación da avaliación ambiental estratéxica; e, ademais, a descrición física e xurídica individualizada dos bens e dereitos afectados.

Tamén contará co anteprojecto da obra baseado no programa de espazos recollido no Plan Funcional do centro, e incluírá, igualmente, a memoria e os planos que permitan a elaboración posterior do proxecto de execución de obra.

No que atinxe ás prescricións técnicas de deseño, prestacións, acabamentos e calidades, a redacción do proxecto recollerá as especificacións e requisitos do sistema estrutural; do sistema envolvente que recolle o estudo do comportamento do edificio ante o vento, previsión de sismos e resistencia ante eles ou ante o lume; o sistema de compartimentación (acústico e de lume); o sistema de acabamentos con especial énfase nos bloques cirúrxicos, UCI reanimación, laboratorios, etc.; e, ademais, o sistema de acondicionamento e instalacións, que incluírá un estudo dos subsistemas, como poden ser as prestacións e rendemento das instalacións enerxéticas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Plan funcional do novo hospital**

O novo centro contará con 723 camas (70 de hospitalización e 12 doutras áreas) e vinte quirófanos e doce salas obstétricas. No que se refire á carteira de servizos, contará cunha unidade de urxencias ben dimensionada e cos últimos avances en tecnoloxía diagnóstica e terapéutica, entre os cales destacan os servizos de hemodinámica, unidade coronaria, medicina nuclear, cirurxía maxilofacial, radioterapia e UCI neonatal e pediátrica.

No ámbito de hospitalización e consultas externas, a área médica do futuro hospital contará con servizos de alergoloxía, cardioloxía, dixestivo, endocrinoloxía, xeriatría, HADO, hematoloxía clínica, medicina interna, nefroloxía, neumoloxía, neuroloxía, oncoloxía médica e reumatoloxía. Na área cirúrxica, pola súa banda, haberá servizos de anestesioloxía e reanimación, unidades de dor, ansioloxía e cirurxía vascular, cirurxía xeral e dixestiva, cirurxía maxilofacial, dermatoloxía, estomatoloxía, xinecoloxía, oftalmoloxía, ORL, traumatoloxía e cirurxía ortopédica e uroloxía. A área materno-infantil ofrecerá atención de obstetricia, neonatoloxía e pediátrica; e a de críticos de medicina intensiva, unidade coronaria, hemodinámica, UCI neonatal-pediátrica e unidade de reanimación. Por último, no que se refire a unidades con estrutura diferenciada, estas serán as de psiquiatría, unidade penitenciaria e unidade de coidados paliativos.

Os servizos ambulatorios do novo hospital incluírán medicina xeral/oncohematoloxía, cirurxía/técnicas especiais, pediátrica e psiquiatría, ademais de gabinetes de exploración e unidades de diálise. Os servizos centrais do centro contarán con diagnóstico por imaxe –ecografía, mamografía e radioloxía dixital, etc-, oncoloxía radioterápica, un bloque obstétrico e outro cirúrxico, varios laboratorios, atención de urxencias e outros servizos clínicos, como farmacia, medicina preventiva ou prevención de riscos laborais, entre outros.

**Plan Funcional da Área de Pontevedra**

A Consellería está así mesmo a traballar tamén na elaboración do Plan Funcional da Área de Pontevedra, que se presentará nos vindeiros meses e que suporá unha aposta por un área sanitaria innovadora, cunha ordenación integradora de unidades e equipos profesionais, que permitirán mellorar a organización funcional especializada.